

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

*EXTRACTO da Resolución do 27 de decembro de 2023 pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas prestados por entidades colaboradoras (programa Re-acciona), susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG402A).*

BDNS (Identif.): 738632.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións (BDNS) (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser entidades beneficiarias as pequenas e medianas empresas (pemes), incluídos os autónomos, as comunidades de bens, asociacións, fundacións ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de personalidade xurídica, leven a cabo actividade empresarial e poidan levar a cabo os proxectos, as actividades ou os comportamentos, ou se atopen na situación que motiva a concesión da subvención.

En calquera caso, deberán ter radicado algún centro de traballo en Galicia e cumprir a definición de peme. Para esta definición utilizarase a establecida pola Comisión Europea no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014 (DOUE L 187, do 26 de xuño), polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías).

Para solicitar as axudas para a prestación dos servizos, tendo en conta as súas características, as pemes deben cumprir as seguintes condicións:

a) Para todos os servizos definidos no artigo 1, agás o servizo de apoio para empresas emerxentes innovadoras, polas características deste tipo de empresas, as solicitantes deberán contar cun cadro medio de traballadores, no ano anterior á solicitude da axuda, non



inferior a tres, de acordo co informe do cadro medio de traballadores en situación de alta emitido pola Seguridade Social. Adicionalmente ao número indicado no devandito informe, poderán contabilizarse, se é o caso, o propietario, administrador ou os familiares que traballen na empresa e legalmente incluídos no réxime de autónomos.

b) Para o servizo de desenvolvemento estratéxico integral da empresa, as pemes deben ter realizado previamente unha análise da empresa que achegue a información necesaria para o arranque do servizo.

#### Segundo. *Obxecto*

As axudas concédense en réxime de concorrencia non competitiva e teñen por obxecto aprobar as condicións polas cales se rexerá a concesión de axudas destinadas a facilitar a execución dun conxunto de servizos profesionais por parte de entidades colaboradoras previamente seleccionadas mediante a Resolución do 12 de decembro de 2023 (DOG nº 241, do 21 de decembro).

Os servizos para os que se poderá conceder axuda en especie, consistente na execución de servizos para a súa realización en empresas galegas, están integrados nas seguintes categorías, descritas polo miúdo no anexo III da devandita Resolución do 12 de decembro de 2023 (DOG nº 241, do 21 de decembro):

#### Profesionalización e desenvolvemento estratéxico:

- Servizos de análise do potencial competitivo e primeiras accións de mellora.
- Servizos de desenvolvemento estratéxico integral da empresa.
- Servizos de análise do cumprimento normativo e dos riscos legais (Compliance).
- Servizos de captación, fidelización e xestión de talento.
- Servizos para o desenvolvemento dunha estratexia de integración ESG.
- Servizos de mellora da xestión financeira e procura de financiamento.
- Servizos de circularización e optimización dos procesos de produción e cadea loxística.



- Servizos de asesoramento para o relanzamento comercial.
- Servizos de preparación de procesos certificables.
- Servizo de apoio para empresas emerxentes innovadoras.

**Innovación:**

- Servizos de deseño e lanzamento de produtos e servizos innovadores.
- Servizos de protección da innovación.
- Servizos de asesoramento para o financiamento da innovación.

**Terceiro. Bases reguladoras**

Resolución do 27 de decembro de 2023 pola que se dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras das axudas a servizos modulares de asesoramento especializado a empresas galegas prestados por entidades colaboradoras (programa Re-acciona), susceptibles de seren cofinanciadas pola Unión Europea no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (código de procedemento IG402A).

**Cuarto. Importe**

O crédito dispoñible para as concesións nesta convocatoria aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 09.A1.741.A.7700 e cos seguintes importes e distribución plurianual: 1.400.000 € con cargo ao ano 2024 e 1.400.000 € con cargo ao ano 2025.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes**

O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 8.00 horas do día 1 de abril de 2024 e rematará ás 14.00 horas do 15 de novembro de 2024, agás que se produza o suposto de esgotamento do crédito.

Santiago de Compostela, 27 de decembro de 2023

Patricia Villajos Grande  
Xerente do Instituto Galego de Promoción Económica

